

DINÁMICAS PARA A COMPETENCIA SOCIAL O RUMOR



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Recoñecer as propias emocións e as dos demais.
- ★ Entender e respectar as diferentes emocións dos demais.
- ★ Outorgar a importancia que ten á linguaxe non verbal.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Pedimos 4-5 persoas voluntarias para participar na dinámica.
- ★ O titor/a conta a seguinte historia aos alumnos/as que quedan dentro da clase:

Lebrades o concurso de relatos no que participamos na primeira avaliación? Pois gañamos! Atendede porque é moi importante:

O premio consiste nunha viaxe para toda a clase á neve. Pero temos que saír a semana que vén. Vouvos dar o xustificante para poder ir, que tedes que entregar mañá sen falta asinado polos vosos titores/as legais.

O autobús sae o luns ás 7:00 da mañá e non volveremos ata o xoves, ás 19:00. Non podedes esquecer levar roupa para a neve, moitos pares de calcetíns e roupa interior dabondo, por se vos mollades. No hotel ao que imos hai piscina climatizada, así que teredes que levar roupa de baño e toalla, ademais do típico: utensilios para o aseo, toalla, algo para comer o primeiro día, xa que chegaremos pola tarde ao hotel e algo de diñeiro, por se queredes comprar algo. No premio está incluído o almorzo, a comida e a cea, entradas ás pistas de neve e á piscina do hotel e unha gran festa de disfraces, lembrade levar tamén un disfraz. Recordade que só poderedes ir se mañá traedes o xustificante asinado, isto último é moi importante. Se vos queda algunha dúbida ou se os vosos pais necesitan falar comigo, poden chamar ao centro mañá de 9:00 a 11:00. A esas horas será cando pase por clase para recoller os xustificantes, despois non vou estar no centro. É moi importante, repito, que lle contedes aos alumnos/as que faltaron hoxe toda a información e que lles entreguedes o seu xustificante. Aquí déixovolos sobre a miña mesa.

Estades contentos? Imos á neve!!

- ★ Agora explicamos a dinámica, vai entrar unha das persoas que están fóra. Van ter que contar toda a información que recibiron, con coidado de que os demais que están fóra non escoiten.
- ★ Entra a seguinte persoa e a anterior é quen lle conta a información que acaba de recibir dos seus compañeiros/as. Así, ata que chega o último, que repite a información recibida. O titor/a volve ler o texto orixinal.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Gustouvos o xogo do rumor?
- ★ Que pasou? En que momento comezou perderse ou cambiar a información? A que pensades que foi debido?
- ★ Que poderíamos facer para evitar este problema?
- ★ Que estratexias puidemos utilizar? Limitástevos a contar toda a información ou tamén vos interesastes de que a outra persoa a entendese? Fixestes preguntas?